



Bases “Premio Compostela de Composición Coral”

0. Introducción:

O **Premio Compostela de Composición Coral** nace coa vocación de recoñecer e fomentar a creatividade no ámbito da música coral en Galicia, vinculando a súa esencia á riqueza histórica e cultural de Santiago de Compostela. A elección do seu nome non é casualidade, senón unha homenaxe á importancia desta cidade como referente cultural, musical e espiritual ao longo dos séculos.

Desde a Idade Media, **Santiago de Compostela** foi un punto de encontro para peregrinos de toda Europa, converténdose nun faro de cultura e arte. Dentro deste vasto patrimonio, o **Códice Calixtino**, manuscrito do século XII, ocupa un lugar destacado non só polo seu valor histórico e litúrxico, senón tamén polo seu contido musical. Este código alberga o primeiro repertorio polifónico coñecido en Occidente, sentando as bases do desenvolvemento posterior da música coral e demostrando como Compostela xa era no seu tempo un centro de innovación musical.

A música coral estivo profundamente ligada á historia da cidade, desde as primeiras polifonías medievais ata o desenvolvemento de agrupacións corais que mantiveron viva esta tradición. Catedrais, mosteiros e espazos de culto foron escenarios naturais onde a música vocal resoou ao longo dos séculos, formando parte inseparable do acervo cultural galego. Na actualidade, **Galicia** conta cunha vibrante tradición coral que abarca desde as agrupacións máis arraigadas no folclore ata as corais polifónicas de gran prestixio, consolidando un legado que o **Premio Compostela de Composición Coral** pretende enxalzar e proxectar ao futuro.



A creación contemporánea atopa neste premio-certame un espazo para o diálogo entre a tradición e a innovación, reivindicando a Compostela como punto de referencia no noso país para a composición coral. Deste xeito, o **Premio Compostela de Composición Coral** non só rende homenaxe á historia musical da cidade e de Galicia, senón que tamén **aspira a inspirar a novas xeracións de compositores, consolidando o papel da música vocal como vehículo de expresión artística e conexión cultural.**

1. Obxectivos, participantes e requisitos:

- O proxecto que se presenta ten como obxectivo fundamental **apoiar e impulsar a creación e ampliación do repertorio da música coral Galega**, fomentando a participación activa de compositores/as, nun premio-concurso, promovendo así a nosa identidade lingüística e cultural.
- Este premio-concurso, organizado pola **ASOCIACIÓN MUSICAL E CULTURAL CRECENTE**, está dirixido a compositores/as Galegos/as, ou vinculados/as con esta terra e a súa lingua, co apoio e colaboración do **CONCELLO DE SANTIAGO** e da **FEDERACIÓN CORAL GALEGA “FECOGA”**, entidade ésta comprometida coa promoción do canto coral na nosa comunidade, con actualmente **235** corais asociadas, nas que participan máis de **7.000** coristas.
- As obras que se presenten deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - a. Ser orixinais e inéditas, polo que non poderán ter sido publicadas, interpretadas, nin premiadas en outros concursos.
 - b. Musicalizar un texto en lingua galega. No caso de que o texto teña dereitos vixentes, o compositor/a deberá asumir a xestión dos necesarios permisos para a súa utilización.
 - c. Estar compostas -como mínimo- a catro voces para coros mixtos ou iguais.



- d. Estarán escritas “a capella” é dicir sen acompañamento instrumental de ningún tipo.
- e. Non se limitará o número de obras presentadas por candidato/a, si ben, unicamente poderá ser premiado un traballo por autor/a. E dicir, no caso de que os dous premios recaeran sobre o mesmo autor, decaerá o premio menor e será adxudicado ao seguinte candidato.
- f. Ter unha duración de entre 4 e 8 minutos.
- g. Non se permitirán arranxos ou adaptacións de obras preexistentes.
- h. As obras premiadas, serán estreadas no marco do II Certame Memorial que organizará esta Asociación no mes de novembro na cidade de Santiago de Compostela.
- i. Como recomendación, o nivel técnico das obras deberá ser adecuado ao perfil medio dos coros amateurs de Galicia

2. Comité Organizador:

- O comité organizador estará composto polo presidente, secretario, tesoureiro e director da Asociación Musical e Cultural Crecente.

3. Xurado:

- O Xurado estará composto por **CINCO** profesionais de recoñecido prestixio no ámbito da composición e da dirección coral. Actuarán como Presidente e Secretario dous destes membros.
- O fallo do xurado será inapelable.

4. Selección das obras premiadas:

- O Xurado avaliará e premiará a calidade musical das obras presentadas a este concurso, tendo en conta:



- a. Calidade técnica e artística da composición.
- b. Orixinalidade e creatividade.
- c. Adecuación musical ao texto.
- d. Adecuación ao formato coral.
- e. Posibilidades interpretativas.
- f. Aporte o repertorio coral galego.

- **Rúbrica de avaliación:**

Asignarase unha puntuación de 1 a 10 en cada apartado, onde:

- **1-3:** Deficiente
- **4-5:** Mellorable
- **6-7:** Aceptable
- **8-9:** Notable
- **10:** Excelente

- **Calidade técnica e artística da composición (10 puntos)**

- ✓ Uso equilibrado das voces e correcta escritura coral.
- ✓ Coherencia harmónica, melódica e rítmica.
- ✓ Desenvolvemento formal ben estruturado e con fluidez musical.
- ✓ Capacidade da obra para transmitir emoción e beleza artística.

- **Orixinalidade e creatividade (10 puntos)**

- ✓ Propostas innovadoras no tratamento harmónico, melódico e tímbrico.
- ✓ Emprego de recursos vocais e corais que aporten novidade e interese.
- ✓ Achega persoal do compositor á linguaxe coral.

- **Adecuación musical ao texto (10 puntos)**



- ✓ Relación expresiva entre a música e o contido do texto.
- ✓ Prosodia natural e correcta acentuación lingüística.
- ✓ Dinámicas e estrutura musical que reforcen o significado do texto.

○ **Adecuación ao formato coral (10 puntos)**

- ✓ Axuste á formación vocal para a que está destinada a obra.
- ✓ Equilibrio entre complexidade e interpretabilidade.
- ✓ Respecto polas características do canto coral.

○ **Posibilidades interpretativas (10 puntos)**

- ✓ Factibilidade para tipos de coros (aficionados).
- ✓ Claridade na notación e indicacións musicais.
- ✓ Tempo estimado de ensaio axeitado á dificultade da obra.

○ **Aporte ao repertorio coral galego (10 puntos)**

- ✓ Contribución ao enriquecemento do repertorio coral en galego.
- ✓ Uso de textos, melodías ou referencias á tradición musical galega.
- ✓ Posible impacto no panorama coral galego actual.

Puntuación total: Máxima de 60 puntos.

- O xurado poderá engadir observacións cualitativas en cada criterio para xustificar a valoración e proporcionar suxestións de mellora.
- Os/as dous/dúas compositores/as premiados/as serán notificados/as polo secretario do Xurado, por correo electrónico ou chamada telefónica, o mesmo día en que se falle o premio.

5. Premios, dotación económica, interpretación e entrega:

- Outorgaranse os seguintes premios:



- **Primeiro, do Concello de Santiago:** Cuncha de Compostela e unha dotación económica de **2.000€**.
 - **Segundo, da FEDERACIÓN CORAL GALEGA “FECOGA”:** Cuncha de Compostela e unha dotación económica de **1.000€**.
 - Publicación das obras.
 - Estreo das dúas obras premiadas no II Certame Memorial.
- O valor económico dos premios inclúe os impostos que correspondan, polo que, se procede, practicaranse as correspondentes retencións, segundo a lexislación vixente.
 - A interpretación e presentación das dúas obras premiadas será encomendada a unha coral das que van participar no transcurso do II Certame Memorial que se celebrará o 22 de novembro de 2025, no auditorio de AFUNDACIÓN (ABANCA), en Santiago de Compostela.

6. Prazos de presentación/vixencia:

- Convocatoria: Maio de 2025.
- Data límite de envío por correo certificado para a entrega das obras: 15 de xullo de 2025.
- Resolución e comunicación aos compositores/as premiados/as: Agosto do 2025.
- Vixencia do certame: Ata a celebración do Certame-Memorial o 22 de novembro de 2025, no auditorio de AFUNDACIÓN-ABANCA en Santiago.

7. Disposición do repertorio:

As obras gañadoras do concurso estarán dispoñibles como repertorio libre para ser interpretada por calquera agrupación coral. Sempre que ditas obra gañadoras sexan interpretadas ou editadas, deberá figurar no programa ou na edición correspondente, inmediatamente despois do título, o seguinte texto: Obra gañadora do **“Premio Compostela de Composición Coral”**.



8. Cesión de dereitos:

1. Os dereitos intelectuais das obras presentadas pertencen na súa totalidade aos/as autores/as.
2. Os/as autores/as das obras gañadoras licenciarán exclusivamente á Asociación Organizadora e Patrocinador/es os seus dereitos de interpretación e imaxe de forma gratuíta, para que poidan ser interpretadas libremente. Estes dereitos poderán ser utilizados para actividades de difusión sen fins de lucro, incluíndo medios de comunicación e redes sociais.
3. Tanto as obras gañadoras como as demais partituras presentadas pasarán a formar parte do arquivo e repertorio da Asociación Musical e Cultural Crecente.

9. Dereitos de edición e comercialización das obras:

- a. A Asociación Musical e Cultural Crecente, así como calquera das Entidades patrocinadoras ou outras entidades designadas polo comité organizador, resérvanse o dereito de editar, compilar e publicar en formato físico ou dixital, calquera das obras presentadas ao concurso que consideren de interese, garantindo en todo momento o respecto á autoría e a integridade dos contidos.
- b. A edición ou publicación destas obras non terá carácter comercial, e a redistribución das mesmas, de realizarse, será con fins **NON** lucrativos, mantendo intacta a obra orixinal e cunha clara referencia ao autor/a.
- c. Con todo, os autores/as conservarán a plena titularidade das súas obras e poderán comercializalas libremente sen ningún tipo de autorización.

10. Interpretación e emendas:



- A modificación ou interpretación das presentes bases é competencia exclusiva da Organización deste Certame reservándose o dereito de modificalas, aclaralas ou interpretalas, notificándoo aos participantes rexistrados, estando facultada para resolver calquera incidencia que por omisión ou causas alleas non estivesen reflectidas nestas bases.
- No caso de que o concurso non puidese celebrarse debido a circunstancias imprevistas, non se admitirá reclamación ou apelación algunha.
- O Xurado resérvase o dereito de declarar o **Premio Compostela de Composición Coral** deserto, de calquera dos dous premios convocados, se considera que ningunha das obras presentadas reúne os méritos artísticos, técnicos ou conceptuais necesarios segundo os criterios establecidos nestas bases. Neste caso, o Xurado emitirá unha resolución motivada que será comunicada aos participantes.

11. Cláusulas xerais:

- a) A inscrición e participación neste concurso implica a aceptación total das presentes bases.
- b) A promoción deste premio, así como o deseño e a composición do xurado, serán responsabilidade exclusiva da Asociación Musical e Cultural Crecente.
- c) A dotación económica dos premios, organización do certame e memorial, deberá provir dos patrocinios e/ou colaboracións das entidades públicas ou privadas.
- d) Os datos persoais proporcionados polos participantes serán xestionados exclusivamente pola entidade organizadora coa finalidade de administrar a convocatoria, desenvolvemento e celebración do concurso, de conformidade co estipulado nas presentes bases. Devandito tratamento será consentido expresamente polos participantes e non se cederán os datos a ningunha organización, xa sexa pública ou privada.



- e) O comité organizador designará a coral que deberá interpretar as obras gañadoras durante o certame memorial do próximo 22 de novembro.
- f) Como obxecto do tratamento da información, o/a PARTICIPANTE/S poderá/n exercer o/s seu/s dereito/s de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición, mediante e-mail a: corocrecente@gmail.com.

12. Inscripción, forma, lugar e prazo de presentación das obras:

Os compositores e compositoras participantes poderán enviar a documentación requirida de **dúas maneiras**: a) por correo certificado ou b) a través da nosa páxina web habilitada para tal fin. O prazo de presentación das obras será dende a data de publicación destas bases **ata o 15 de xullo de 2025** (inclusive).

a) Envío por correo certificado:

Deberán enviar a seguinte documentación á dirección indicada máis abaixo, dentro do prazo establecido:

- **Dentro do sobre de envío principal:**
 - **Sobre identificado con (A):** No exterior, deberá figurar un pseudónimo (sen ningún dato que permita identificar o/a autor/a). No interior, incluírase unicamente:
 - Partitura co título da obra, en formato PDF e tamaño DIN A4.
 - Audio da obra en formato .mp3, .wav ou .aiff.(pincho USB, Cd,....)
 - **Sobre pechado identificado con (B):** No exterior, deberá figurar o mesmo pseudónimo que no sobre (A). No interior, incluírase a solicitude (anexo 1) cos datos persoais do/da compositor/a, currículo e unha declaración xurada asinada na que se sinala que se cumpren coas bases.



- Non se aceptarán obras recibidas fóra da data límite de envío.
- A documentación sinalada deberá enviarse, dentro dos prazos previstos, á seguinte dirección:
 - **Asociación Musical e Cultural Crecente**
 - Rúa Sánchez Freire 46-48 3º
 - 15706-SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)

b) Envío a través da páxina web:

Para facilitar o envío, habilitouse un formulario específico na nosa páxina web oficial. Os/as compositores/as que opten por esta modalidade deberán seguir os seguintes pasos:

- Acceder á sección correspondente ao "Premio Compostela de Composición Coral" na nosa páxina web [<https://corocrecente.gal>].
- Cubrir o formulario de inscrición en liña cos datos persoais requiridos (equivalente ao anexo 1).
- Adxuntar os seguintes arquivos, asegurándose de que os nomes dos ficheiros non conteñan datos que poidan identificar ao/á autor/a (poderase utilizar o pseudónimo como parte do nome do ficheiro, por exemplo: "Pseudonimo, TituloObra.pdf"):
 - Solicitud de inscrición cumplimentada e asinada (anexo 1), que será accesible só para o comité organizador do premio, e non para o xurado.
 - Partitura co título da obra, en formato PDF e tamaño DIN A4.
 - Audio da obra en formato .mp3, .wav ou .aiff.
- Unha vez completado o formulario e adxuntada toda a documentación, facer clic no botón "Enviar" ou equivalente. Recibirase un correo electrónico de confirmación da recepción da súa inscrición.

Importante: As obras enviadas por vía electrónica deben cumprir coas mesmas condicións de anonimato que as enviadas por correo. Asegúrese de que a partitura e o audio non conteñan ningunha información persoal.



13. Incompatibilidades e Conflito de Intereses:

Non poderán participar no presente certame, xa sexa de forma directa ou indirecta, os membros do xurado, así como os directivos ou persoas con responsabilidade na entidade organizadora. Do mesmo xeito, quedarán excluídas aquelas obras cuxa autoría corresponda a familiares directos dos mencionados ou persoas cunha vinculación profesional ou musical que poida comprometer a imparcialidade do proceso de selección. Se en calquera fase do certame-concurso detéctase algunha infracción deste principio, a candidatura afectada será automaticamente descualificada.

14. Entrega de premios e presentación das obras premiadas:

A entrega de premios e presentación ante o público destas obras desenvolverase no marco do certame memorial que terá lugar o 22 de novembro de 2025, no auditorio de AFUNDACIÓN-ABANCA de Santiago de Compostela.

15. Aceptación das bases:

A participación neste premio de composición implica a aceptación incondicional das presentes bases por parte dos/das concursantes. Calquera incumprimento das mesmas poderá dar lugar á descualificación inmediata.



(anexo 1)

Solicitud de inscripción **“Premio Compostela de Composición Coral”**

(Incluir en sobre pechado “B”)

Pseudónimo

Nome e apelidos:

Dirección: (Rúa, nº)

Código postal e poboación:

DNI/NIE.:

Teléfono/s:

E-Mail:

Título da obra:

Breve comentario sobre a obra:



Breve currículum vitae do autor/a:

Aceptación das bases e Declaración Xurada:

Don/Dona _____, con DNI/NIF _____, acepta as Bases de este certame-concurso, DECLARANDO BAIXO XURAMENTO ser o autor/a da obra presentada, que é inédita, e non se presentou en ningún outro acto ou concurso.

En _____, a __ de _____ de 2025

Fdo.- _____